



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Expediente número: 2025/E001/000001

Procedemento: Proceso selectivo de persoal para cubrir as prazas ofertadas, incluídas no Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2025

ACTA Nº 1

RESULTADOS DO CONCURSO-OPOSICIÓN E ACORDOS DO TRIBUNAL

Lugar: Casa do Concello de Carnota

Data: 06/05/2025

Hora de inicio: 08:00

Hora de finalización: 14:00

Asistentes:

Presidenta: María Dolores Pena Pena.

Vogais: Manuel Gonzalez Castro

José Manuel Ordoñez Mirón

Secretaria: María Dolores Lago Gonzalez

ORDE DO DÍA

1. Constitución do Tribunal cualificador.
2. Realización proba galego
3. Realización das entrevistas e probas prácticas de conformidade coas bases da convocatoria e valoración da fase de oposición
4. Valoración dos méritos alegados.
5. Valoración total dos/as aspirantes
6. Proposta de contratación
7. Prazo de reclamación

Reunidos os integrantes do Tribunal designado para o proceso selectivo indicado, aproban os seguintes

Reunidos os integrantes do Tribunal cualificador, nomeados por resolución do Alcalde para valorar as probas selectivas dos/as aspirantes para cubrir as prazas ofertadas, incluídas no programa de integración laboral da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2025, aproban por unanimidade os seguintes

ACORDOS

1. Constitución do Tribunal cualificador

PRIMEIRO. Declarar a formal constitución do Tribunal cualificador como órgano selectivo do proceso de convocatoria e probas para cubrir as prazas ofertadas, incluídas no programa de integración laboral da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2025, conforme ás bases

afho.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

da convocatoria, aprobadas o 03/04/2025, e publicadas no BOP número 68 de 09/04/2025 e na web municipal e no taboleiro electrónico do Concello de Carnota.

SEGUNDO. Como órgano de selección de persoal, queda suxeita ás normas aplicables en materia de emprego público, concretamente o artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e como órgano colexiado administrativo, aos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO. Os membros do Tribunal Cualificador Técnica deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os/as aspirantes poderán recusalos cando conorra algunha de devanditas circunstancias.

2. Realización da proba de galego.

A base 8 da convocatoria establece literalmente o seguinte:

"8. Proceso selectivo

...
As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. A proba determinará o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia o CELGA 1. Esta proba cualificará será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apto
..."

Consecuentemente co anteriormente exposto e en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

PRIMEIRO. Preparar e realizar a proba de coñecemento de galego, prevista para os/as aspirantes que non están exentos/a da súa realización por non ter acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente)

SEGUNDO. Valoración da proba de galego.

Dadas as oportunas instrucións aos/as aspirante presentados/as e realizada a proba, procedeuse á valoración da mesma co seguinte resultado:

ASPIRANTE	RESULTADO PROBA GALEGO
Munevar Gonzalez Jim Alexander	NON PRESENTADO
Vázquez Vázquez, Joaquín	APTO

A base 8.2 da convocatoria establece:

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en lingua galega, antes do inicio da fase de oposición..."

Alfo



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

3. Realización das entrevistas e probas prácticas de conformidade coas bases da convocatoria e valoración da fase de oposición

"....

8.2. Valoración do perfil profesional e de coñecementos. (Ata un máximo de 14 puntos).

A proba divídese en dúas partes

Os/as aspirantes serán convocados individualmente para a realización dunha entrevista persoal e unha proba práctica, seguindo os protocolos de seguridade e saúde recomendado polos servizos de prevención de riscos do Concello de Carnota, no marco das recomendacións publicadas polas autoridades sanitarias.

1) Entrevista persoal.

Formularanse diversas cuestións e supostos relacionados cos aspectos funcionais, organizativos e de execución da actividade propia do posto de traballo ao que se opta, considerando aspectos relativos tanto á aptitude como á actitude dos/as aspirantes.

A entrevista, que será preparada pola Comisión de selección co asesoramento dos profesionais ou técnicos especializados na materia, valorarase cunha puntuación máxima de 4 puntos.

2) Proba Práctica.

Rematada a entrevista, o candidato/a realizará unha proba práctica, que consistirá nunha simulación de traballo, na cal o aspirante deberá desenvolver tarefas relacionadas coa praza a que opta, tales como:

- Manexo de maquinaria e ferramentas a empregar no posto de traballo.

- Actuacións de mantemento e coidados básicos da maquinaria e ferramentas a empregar no posto de traballo.

A Comisión de Selección poderá solicitar a asistencia de profesionais especializados para ser asesorada na definición das tarefas e na valoración.

Esta proba valorarase ata un máximo de 10 puntos, conforme á seguinte escala:

- Moi axeitado (de 7 a 10 puntos)

- Bastante axeitado (de 4 a 6 puntos)

- Minimamente axeitado (de 1 a 3 puntos)

- Nada axeitado (0 puntos)

Para superar a fase de valoración do perfil profesional e coñecementos os/as aspirantes deberán acadar un mínimo de 8 puntos. Por debaixo desta puntuación, non serán considerados os méritos que se relacionan no apartado 8.1.

"....

Consecuentemente co anteriormente exposto e en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

PRIMEIRO. Confeccionar e realizar a entrevista e proba práctica de conformidade coas bases da convocatoria.

SEGUNDO.- Dadas as oportunas instrucións aos/ás aspirantes presentados/as e convocados no proceso selectivo para o día 06/05/2025. Realizadas as probas indicadas nas bases, acadan a seguinte puntuación na fase de oposición:

Oficial 1ª condutor				
Nº de orde	Apelidos e nome	Puntos entrevista	Puntos Proba Práctica	Total
1	Senande Lago, Juan Manuel	4	10	14
2	Lago Santiago Felipe	4	10	14
Peón Carpinteiro				
Nº de orde	Apelidos e nome	Puntos entrevista	Puntos Proba P	Total
1	Figueira Caamaño, Ramón Xosé	4	10	14
2	Martinez Riveiro Juan Jesus	4	9	13

Self/so



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Peóns albaneis de mantemento de pequenas infraestruturas públicas

Nº de orde	Apelidos e nome	Puntuación entrevista	Puntos Proba Práctica	Total
1	Fernández González, José María	Non presentado		
2	Otero Lago, Andrés	4	10	14
3	Senande Lago Juan Manuel	4	9	13

Peóns de mantemento de espazos públicos(peón forestal)

Nº de orde	Apelidos e Nome	Puntuación entrevista	Puntuación proba práctica	Total
1	Fernández González, José María	4	5	9
2	Gil Requejo, Jesús	4	6	10
3	Otero Lago, Andrés	4	7	11
4	Riveiro Casais, Manuel Rubén	4	10	14
5	Santiago Cernadas, Alejandra	4	9	13
6	Vázquez Vázquez, Joaquín	4	8	12
7	Martinez Riveiro Juan Jesus	4	4	8

3. Valoración dos méritos alegados.

3.1 Concreción das normas establecidas nas bases da convocatoria.

A base 8 da convocatoria establece o seguinte:

"...

8.1. Valoración de méritos alegados.

Valoraranse os seguintes:

Experiencia profesional (Ata un máximo de 6 puntos).

Puntuación:

- Por servizos prestados en calquera Administración pública, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,50 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.

- Por servizos prestados na empresa privada, en postos de traballo das mesmas características que as do posto ao que se opta: 0,20 puntos por cada 2 meses ou fracción superior a 1 mes.

Acreditación

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

"..."

Nesta fase, de conformidade coas bases, o Tribunal acorda proceder a valorar os méritos dos/as aspirantes presentados que superaron a fase de valoración do perfil profesional e coñecementos, acadando os seguintes resultados:

Oficial 1ª condutor		
Nº de orde	Apelidos e Nome	Puntuación méritos
1	Senande Lago, Juan Manuel	6
2	Lago Santiago Felipe	3.6



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Peón carpinteiro		
Nº de orde	Apelidos e Nome	Puntuación méritos
1	Figueira Caamaño, Ramón Xosé	6
2	Martinez Riveiro Juan Jesus	6
Peóns albaneis de mantemento de pequenas infraestruturas públicas		
Nº de orde	Apelidos e Nome	Puntuación méritos
1	Otero Lago, Andrés	6
2	Senande Lago Juan Manuel	6
Peóns de mantemento de espazos públicos(peón forestal).		
Nº de orde	Apelidos e nome	Puntuación méritos
1	Fernández González, José María	6
2	Gil Requejo, Jesús	4.5
3	Otero Lago, Andrés	6
4	Riveiro Casais, Manuel Rubén	6
5	Santiago Cernadas, Alejandra	6
6	Vázquez Vázquez, Joaquín	6
7	Martinez Riveiro Juan Jesus	2

4. Valoración total dos/as aspirantes

Realizada a avaliación, o Tribunal acorda relacionar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, unha vez sumados os méritos e a proba de coñecemento e perfil profesional, co seguinte resultado:

Oficial 1ª condutor				
Nº de orde	Apelidos e Nome	Puntuación méritos	Puntuación perfil e coñecemento	Total
1	Senande Lago, Juan Manuel	6	14	20
2	Lago Santiago Felipe	3,6	14	17,6
Peón carpinteiro				
1	Figueira Caamaño, Ramón Xosé	6	14	20
2	Martinez Riveiro Juan Jesus	6	13	19
Peóns albaneis de mantemento de pequenas infraestruturas públicas				
1	Otero Lago, Andrés	6	14	20
2	Senande Lago Juan Manuel	6	13	19
Peóns de mantemento de espazos públicos(peón forestal)				
1	Fernández González, José María	6	9	15
2	Gil Requejo, Jesús	4,5	10	14,5
3	Otero Lago, Andrés	6	11	17
4	Riveiro Casais, Manuel Rubén	6	14	20
5	Santiago Cernadas, Alejandra	6	13	19
6	Vázquez Vázquez, Joaquín	6	12	18
7	Martinez Riveiro Juan Jesus	2	8	10

el foro.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

5. Proposta de contratación

Rematada a selección, vista a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, a Comisión de Selección, de conformidade coa base 9 "Resolución do proceso" formular a seguinte proposta de contratación:

- **Oficial 1ª condutor:**
Senande Lago, Juan Manuel
Lago Santiago, Felipe
- **Peón carpinteiro:**
Figueira Caamaño, Ramón Xosé
- **Peóns albaneis de mantemento de pequenas infraestruturas públicas**
Otero Lago, Andrés
- **Peóns de mantemento de espazos públicos(peón forestal).**
Riveiro Casais, Manuel Rubén
Santiago Cernadas, Alejandra.

6. Prazo de reclamacións.

De conformidade coa base 9 da convocatoria, concedéndose un prazo de **2 días hábiles** para alegacións que deberá resolver o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acta, de todo o que, como Secretaria, dou fe.